

# A ACENTUACIÓN

Pronunciamos as palabras mediante golpes de voz denominados sílabas.

Non todas as sílabas se pronuncian coa mesma intensidade ou forza. A sílaba tónica é a que se pronuncia con maior intensidade, as demais son sílabas átonas: *ca-fé*, *es-pe-llo*, *có-xe-gas*.

Segundo a posición da sílaba tónica podemos facer a seguinte clasificación de palabras:

- Agudas: a última sílaba é a tónica (*xamón*, *comedor*, *papel*, *alí*...).
- Graves: a penúltima sílaba é a tónica (*barco*, *difícil*, *discoteca*, *mesa*...).
- Esdrúxulas: a antepenúltima sílaba é a tónica (*máxico*, *mecánica*, *xílgaro*, *médico*...).
- Sobresdrúxulas: a sílaba anterior á antepenúltima é a tónica (*repetíronllelo*, *confesároncheme*...).

O acento gráfico marca a sílaba tónica na escrita. Non todas as palabras se acentúan, existen regras.

## REGRAS XERAIS DE ACENTUACIÓN

1. As **palabras AGUDAS** levan acento cando rematan en VOGAL, -N, -S ou -NS: *avó*, *león*, *detrás*, *camións*. Non levan acento cando rematan en ditongo decrecente (ai, ei, oi, au, eu, ou) ou homoxéneo (iu, ui), seguidos ou non de -S: *animais*, *papeis*, *farois*, *bacallau*, *romeu*, *pintou*, *fuxiu*.

**Ten en conta:** Os monosílabos, posto que só teñen unha sílaba, non necesitan acento (excepto algúns que veremos no apartado do acento diacrítico): *la*, *fe*, *po*, *si*, *cu*.

2. As **palabras GRAVES** levan acento cando rematan en consoante distinta de -N ou -S: *móbil*, *tórax*. Levan sempre acento se rematan en grupo consonántico (dúas consoantes xuntas), agás -NS: *bíceps*.

**Ten en conta:** Acentúanse as palabras graves rematadas en ditongo decrecente ou ditongo decrecente + -S: *agradábeis*, *hóckey*...

3. As **palabras ESDRÚXULAS e SOBRESDRÚXULAS** sempre levan acento: *píntega*, *micrófono*, *repetíronllelo*.

**Ten en conta:** Os adverbios rematados en -MENTE en galego non se acentúan porque son palabras graves: *rapidamente*, *comodamente*, *facilmente*, *difícilmente*...

4. En canto aos **HIATOS**, acentúanse do seguinte xeito:

- a. Formados por dúas vogais fortes (a, e, o): *coello*, *perdoar*... Acentúanse seguindo as regras xerais: *océano*, *faraón*...
- b. Formados por unha vogal forte (a, e, o) átona e outra feble (i, u) tónica. Acentúanse na vogal feble sempre, aínda que isto contradiga as regras xerais: *alegría*, *baúl*...
- c. Formados por dúas vogais febles (i, u), a segunda tónica. Acentúanse na vogal tónica (a segunda), aínda que haxa algunha contradición coas regras xerais: *muíño*, *viúvo*, *posuír*...

## EXERCICIOS PARA FACER NO CADERNO

1. Divide en sílabas estas palabras. Subliña a sílaba tónica de cada unha e indica se é unha palabra aguda (A), grave (G) ou esdrúxula (E) (por exemplo: *ou-tó-no* (G)): *reloxo, calor, mágoa, lei, mármore, indicador, intimidade, colleita, amigo, amor, libro, luz, indicación, martes, móbil, gato, amorodo, goma, índice, íntimo, simpático*.
2. Clasifica estas palabras en agudas, graves e esdrúxulas: *mércores, bolígrafo, xamais, cóbado, doutor, rapaz, átomo, animais, rúa, lapis, nariz, peixe, couce, país, chícharo, vivir, bombón, química, meixela, caixa*.
3. Velaquí tes unha serie de palabras agudas. Copia no caderno e ponlle o acento a aquelas que o precisen: *animal, arar, aqui, rumor, calor, pantalon, ningun, funil, candil, alguen, cordel, verniz, rei, pardal, can, cruz, azul, papel, mel, remar*.
4. As palabras que seguen son todas graves. Copia no caderno e ponlle o acento a aquelas que o necesiten: *cara, xoves, debil, album, bando, acne, duplex, pexego, textil, tunel, neto, martes, inmobil, atmosfera, misil, ducia, climax, dolmen, doce, femur, lapis, forceps, reptil, datil*.
5. Copia no caderno e ponlle o acento ás palabras esdrúxulas: *semaforo, calculo, magnifico, petroglifo, sabado, humido, helicoptero, cobrega, fantastico, romantico, principe, xeroglifo, satelite, matematicas, maxico, cobado*.
6. Copia no caderno as palabras que necesiten acento e pónllelo: *album, olimpico, caferno, anecdotas, domingo, bagoa, ordenador, catastrofe, autobus, espectador, televisor, instalacion, refen, facil, coello, orella, amarelo, mesa, neboa, portatil*.
7. Pon o acento onde cumpra e, ademais, subliña os ditongos: *ruido, sair, destruír, oír, xoía, sabio, teoría, xuíz, aínda, rail, maioría, saída, lua, ría, teórico, oído, envío, rúa, posuír, baul, souto, laio, xulgar, muiño, minoría, raíz, Luís, miúdo, copia, teito, xuízo, moito*.
8. Copia no caderno as oracións e pon os acentos que faltan:
  - a. Velai o chale que construe teu irman.
  - b. O espectáculo resultou magnifico, sobre todo pola música que o acompañaba.
  - c. O autobus que fai o percorrido ata a catedral tivo que parar de supeto no semaforo.
  - d. A causa da neboa esstivo a piques de ocorrer unha catastrofe na autovia.
9. Escribe o plural destas palabras e ponlle o acento ás que o precisen: *papel, baúl, país, mitin, funil, farol*.

## A ACENTUACIÓN DIACRÍTICA

En galego tamén se utiliza o acento para diferenciar dúas palabras que se escriben igual, isto é, úsase para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita, pero que se pronuncian de diferente xeito (unha ten a vogal tónica semiaberta e a outra semipechada) ou porque nunha delas a vogal é tónica e na outra átona. O acento gráfico pónselle sempre á palabra que ten a vogal aberta ou á que é tónica.

Observa con atención o cadro da acentuación diacrítica na seguinte páxina:

Levan acento diacrítico	Non levan acento diacrítico
<b>Á</b> ('a' prep. + 'a' art.: Vou <u>á</u> praia; subst.: A <u>á</u> da galiña)	<b>A</b> (art.: Tráeme <u>a</u> vasoira; pron. átono: Cháma <u>a</u> e dille que veña; prep.: Púxo <u>a</u> a parir)
<b>Ás</b> ('a' prep. + 'as' art.: Vai <u>ás</u> mozas; subst.: As <u>ás</u> do polo)	<b>As</b> (art.: Colle <u>as</u> culleres; pron. átono: Díxenche que <u>as</u> collas!)
<b>Bésta</b> (arma antiga: Feriuno cunha <u>bésta</u> )	<b>Besta</b> (animal: Deixa a <u>besta</u> descansar)
<b>Bóla(s)</b> ('esfera': Fixo unha <u>bóla</u> de papel)	<b>Bola(s)</b> (peza de pan: Vai ó forno e compra unha <u>bola</u> )
<b>Cá</b> ('ca' conx. + 'a' art.: Gústache máis o peixe <u>cá</u> min)	<b>Ca</b> (conx.: Tes máis libros <u>ca</u> min)
<b>Cás</b> ('ca' conx. + 'as' art.: Gústanche as súas cousas máis <u>cás</u> túas)	<b>Cas</b> (prep.: Vou <u>cas</u> miña madriña)
<b>Chá(s)</b> ('plana': a Terra <u>Chá</u> )	<b>Cha(s)</b> ('che' pron. + 'a' pron.: Non <u>cha</u> dou!)
<b>Có</b> ('ca' conx. + 'o' art.: O meu ordenador ten máis capacidade <u>có</u> teu)	<b>Co</b> ('con' prep. + 'o' art.: Fun <u>co</u> traxe negro á voda)
<b>Cós</b> ('ca' conx. + 'os' art.: Os meus cadros son peores <u>cós</u> teus; tamén subst. 'parte superior do corpo', 'cintura', 'peza de madeira': úsase moi pouco)	<b>Cos</b> ('con' prep. + 'os' art.: Foi <u>cos</u> avós á feira)
<b>Cómpre</b> ('é necesario': <u>Cómpre</u> que estudes)	<b>Compre</b> ('merque': Dille a túa irmá que <u>compre</u> pan cando veña)
<b>Cómpren</b> ('son necesarios': Collinos porque nos <u>cómpren</u> )	<b>Compren</b> ('merquen': Fai falta que <u>compren</u> un coche)
<b>Dá</b> (pres. de 'dar': El <u>dá</u> ; imp. de 'dar': <u>Dá</u> ti)	<b>Da</b> ('de' prep. + 'a' art.: Vén <u>da</u> cama)
<b>Dás</b> (pres. de 'dar': Ti <u>dás</u> )	<b>Das</b> ('de' prep. + 'as' art.: Vén <u>das</u> patacas)
<b>Dó</b> ('compaixón': Mallaron nel sen <u>dó</u> nin piedade; primeira nota musical: Esta melodía comeza en <u>dó</u> )	<b>Do</b> ('de' prep. + 'o' art.: Colle un pano <u>do</u> caixón)
<b>É</b> (pres. de 'ser': Ela <u>é</u> a filla de Lola)	<b>E</b> (conx.: María <u>e</u> Xoana non veñen)
<b>Fóra</b> (adv.: Bota o can <u>fóra</u> , non o quero na cociña)	<b>Fora</b> (antepret. de 'ser': Alí el non <u>fora</u> feliz; antepret. de 'ir': Eu <u>fora</u> , pero el non)
<b>Máis</b> (adv.: Bótalle <u>máis</u> patacas ó rapaz)	<b>Mais</b> (conx.: Non ía ir, <u>máis</u> cambiei de idea)
<b>Nó</b> (subst.: Fixo mal o <u>nó</u> da garabata)	<b>No</b> ('en' prep. + 'o' art.: Puxo as tesoiras <u>no</u> caixón)
<b>Nós</b> (pl. de <u>nó</u> ; pron. tónico: <u>Nós</u> non imos)	<b>Nos</b> (pron. átono: Xa <u>nos</u> mercou os libros; 'en' prep. + 'os' art.: Caeulle a cazola <u>nos</u> pés)
<b>Ó(s)</b> ('a' prep. + 'o' art.: Vai <u>ó</u> súper)	<b>O(s)</b> (art.: Trouxo <u>o</u> libro; 'pron. átono: Dixo que <u>o</u> facía mañá)
<b>Óso(s)</b> ('do corpo': Partiu un <u>óso</u> da man)	<b>Oso(s)</b> ('animal': En Asturias aínda hai algún <u>oso</u> )
<b>Pé(s)</b> ('parte do corpo': Tivo unha vincha nun <u>pé</u> )	<b>Pe(s)</b> ('letra': O <u>pe</u> é unha consonante)
<b>Póla(s)</b> ('rama': Esa <u>póla</u> vai rachar)	<b>Pola(s)</b> ('por' prep. + 'a' art.: Vai <u>pola</u> sombra!; 'galiña': Esa <u>pola</u> non pon ovos)
<b>Pór</b> ('poñer': Hai que lle <u>pór</u> unha varanda a esa escaleira)	<b>Por</b> (prep.: Foi <u>por</u> Ourense para recoller a unha curmá)
<b>Prés(a)s</b> ('apuro': Acaba pronto que levamos <u>présa</u> )	<b>Pres(a)s</b> ('presada': Bótalle unha boa <u>presa</u> de sal; 'encoro': A auga da <u>presa</u> está moi fría; 'prendida': Deixou a vaca <u>presa</u> no prado; A muller está <u>presa</u> no cárcere)
<b>Sé</b> ('catedral': Fomos visitar a <u>sé</u> de Mondoñedo; imp. de 'ser': <u>Sé</u> bo, anda!)	<b>Se</b> (conx.: <u>Se</u> che parece ben, ímonos agora; pron.: Díxolle que <u>se</u> erguese da cama xa)
<b>Só</b> (adv.: <u>Só</u> me valeu tres euros; adx.: Anda sempre el <u>só</u> )	<b>So</b> (prep.: Está o can <u>so</u> a mesa)
<b>Té</b> ('infusión': Fixo un <u>té</u> para a amiga)	<b>Te</b> (pron. átono: Non <u>te</u> pases comigo!; letra: O <u>te</u> é unha letra do alfabeto)
<b>Tés</b> ('infusións': Fixo <u>tés</u> para todas)	<b>Tes</b> (pl. de letra: Little <u>escribese</u> con dous tes; pres. Ind. verbo <u>ter</u> : Cantas cousas <u>tes</u> que facer!)
<b>Vén</b> (pres. de 'vir': El/Ela <u>ven</u> )	<b>Ven</b> (pres. de 'ver': Eles/Elas <u>ven</u> ; imp. de 'vir': <u>Ven</u> ti)
<b>Vés</b> (pres. de 'vir': Ti <u>vés</u> )	<b>Ves</b> (pres. de 'ver': Ti <u>ves</u> )
<b>Vós</b> (pron. tónico: Vides <u>vós</u> ou tráenvos?)	<b>Vos</b> (pron. átono: Dixo teu pai que <u>vos</u> ía buscar el)

## EXERCICIOS PARA FACER NO CADERNO

10. Fíxate nas palabras subliñadas e pon os acentos diacríticos que cumbran:

- a. A nena vai a escola e o neno tamén.
- b. El sempre ven pola beirarrúa.
- c. Compre que te ergas mais cedo.
- d. Se ves comigo, espérote.
- e. Non ves que hoxe e luns?
- f. Vos nunca tendes presa.

11. Completa as oracións coas palabras que correspondan. Consulta a táboa da acentuación diacrítica se o precisas. Tes que copiar as oracións no caderno:

- a. OSOS vs. ÓSOS
  - i. Aos \_\_\_\_\_ gústalles moito o mel.
  - ii. Caín da moto e rompín tres \_\_\_\_\_.
- b. VES vs. VÉS
  - i. Se non \_\_\_\_\_ ben, deberías ir ao oculista.
  - ii. \_\_\_\_\_ ou non \_\_\_\_\_ ao cine?
- c. FORA vs. FÓRA
  - i. Dixo que xa \_\_\_\_\_ ao médico.
  - ii. Entra axiña que \_\_\_\_\_ vai moito frío.
- d. POLA vs. PÓLA
  - i. Hai que podar esa \_\_\_\_\_ da mazaira.
  - ii. A \_\_\_\_\_ come grans de millo.
- e. BESTAS vs. BÉSTAS
  - i. Este ano ire á rapa das \_\_\_\_\_ de Sabucedo.
  - ii. As \_\_\_\_\_ lanzan frechas a gran velocidade.